



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 13 DE OUTUBRO DE 2016**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:15 horas do día 13 de outubro de 2016, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 10 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidentes:** D. David Regades Fernández

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Alberto Escariz Couso (asiste aos puntos 1a e 1b)  
D. Javier Muradás Blanco (asiste ao punto 1b)  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a, 3a, 4a, 4d, 5a, 5b, 6a, 6b, 6d, 7a, 7b, 8a, 8b e 8d)  
D. Jesús Núñez Torrón (asiste aos puntos 6c, 7c e 8c)  
D<sup>a</sup>. María Gómez Janeiro (asiste aos puntos 4b e 9a)  
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 4c e 9b)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na **orde do día**:

**1.- Aprobación de actas**

**a) Acta da sesión do 5 de outubro de 2016**

Apróbbase con correccións a acta da sesión do 5 de outubro de 2016, cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela e D. Alberto Escariz Couso.

**b) Acta da sesión do 6 de outubro de 2016**

Apróbbase a acta da sesión do 6 de outubro de 2016 cos votos de D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, D. David Regades Fernández, D. Alberto Escariz Couso e D. Javier Muradás Blanco.

**2.- Apertura da documentación administrativa**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 1 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440)**

A secretaria informa aos membros da Mesa que o 6 de outubro de 2016 se requiriu a emenda da documentación persoal ás empresas Canalis Soluciones Tecnológicas, SL e Servicios Medioambientales del Miño, SL, por ter declarado unha solvencia técnica e profesional insuficiente (os contratos que declaran para acreditar esta solvencia non están todos relacionados co obxecto do contrato e os que si gardan relación son insuficientes). Durante o prazo concedido presenta documentación a empresa Servicios Medioambientales del Miño, SL.

Tras a cualificación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade:

1. Excluir ás empresas Canalis Soluciones Tecnológicas, SL e Servicios Medioambientales del Miño, SL do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440) por ter declarado unha solvencia técnica e profesional insuficiente, ao abeiro do previsto na cláusula 8 e apartado 9 do Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

Se ben a empresa Servicios Medioambientales del Miño, SL emenda a documentación persoal no prazo concedido, os contratos que declara son da anualidade 2016 e o prego, na súa cláusula 8 e apartado 9 do Anexo II, establece “Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos dez anos xustifican ter realizado traballos similares aos do obxecto do contrato cuxo importe, en conxunto, sexa igual ou superior ao valor estimado”).

**3.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castelao, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440)**

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” das ofertas presentadas e admitidas. Non asiste público á sesión.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**4.- Incidencias**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Doutor Corbal (3892-440)**

A Mesa de Contratación, á vista do informe emitido polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 7 de outubro de 2016, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas empresas que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. CONSTRUCCIONES FECHI SLU
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S L
3. HORDESCON, SL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 2 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

4. ORESA, SL
5. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU
6. COPCISA, S A
7. CONSTRUCCIONES OREGA, SL

### **b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa que na sesión do 26 de setembro de 2016 e, á vista dos informes do Conservador de Espazos Naturais de Patrimonio Histórico, de data 20 de setembro de 2016, e da xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, de data 21 de setembro de 2016, se acordou *“solicitar á empresa clasificada en primeiro lugar neste procedemento, Xestión Ambiental de Contratas, S.L., que aclare a coherencia entre os gastos que supoñen as frecuencias ofertadas a maiores e o prezo do contrato ofertado. En particular, deberán aclarar se a partida de gastos de persoal que consta no orzamento desglosado do servizo axuntado ao sobre C é suficiente para facer fronte aos incrementos de frecuencias ofertados. Deberá indicar a si mesmo, o convenio colectivo aplicable ao seu persoal”*.

En contestación ao acordo anterior, que foi notificado o 30 de setembro, a empresa Xestión Ambiental de Contratas, SL presenta escrito o 3 de outubro de 2016 sobre aclaración da súa oferta do que se deu traslado ao Servizo de Patrimonio Histórico.

En relación con este escrito, a xefa do Servizo de Patrimonio Histórico emite informe na data 5 de outubro de 2016, do que se fai entrega aos membros da Mesa.

A Mesa acepta o referido informe e acorda que polo Servizo de Contratación se dea resposta ao escrito presentado pola empresa VIVEROS ADOA, SL o 9 de setembro de 2016 (registro de entrada número 160119702) no que solicitaba *“que sexan revisadas as propostas e que en todo caso sexa enviada a Viveiros Adoa o envío das valoracións, orzamentos, etc”*.

### **c) Procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos (8857-446)**

A secretaria pon en coñecemento dos membros da Mesa que con data 26 de setembro de 2016 se requiriu á empresa clasificada en primeiro lugar neste procedemento, Parques y Jardines Fábregas, SA, para que presentara a documentación esixida no artigo 151.2 do TRLCSP. Durante o prazo concedido (que remataba o 7 de outubro de 2016) a empresa presentou a documentación, agás o certificado de atoparse ao corrente coa Comunidade Autónoma. Así mesmo presentou un aval con caducidade o 5 de outubro de 2018. No entanto, o 11 de outubro, a empresa presenta o certificado positivo de estar ao corrente co Comunidade Autónoma (de data 7 de outubro de 2016) e novo aval sen caducidade.

### **d) Procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos (14972-333)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 3 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A secretaria lembra aos membros da Mesa que, segundo o acordado na sesión do 14 de setembro de 2016, se concedeu a todos os licitadores que concorreron a esta licitación un prazo para a presentación dun novo sobre C, por mor de que a redacción definitiva do prego de cláusulas administrativas particulares non inclúe no apartado 7B das follas de especificacións técnicas (FEC) “Contido sobre C. Modelo de proposición” o apartado necesario para propoñer a “redución dos prazos máximos de entrega”, criterio de adxudicación avaliable a través de fórmula que si recolle o prego no apartado 9B.2 das FEC. A apertura do prazo para a presentación do novo sobre C foi notificado por correo electrónico (medio aceptado por todos eles na súa declaración responsable) o 20 de setembro.

Así mesmo, comunica que poucos días despois de cursar as notificacións aos licitadores, recibíuse no Servizo de Contratación unha chamada telefónica dunha persoa que se identificou como representante dunha empresa de Valencia para manifestar a súa disconformidade co acordo adoptado pola Mesa. Durante a conversa o representante informaba que a empresa non descartaba interpoñer o correspondente recurso ou, cando menos, presentar un escrito en relación con este asunto. A secretaria aclara que de todos os licitadores só un ten o seu domicilio social en Valencia, polo que todo parece indicar que a chamada era dun representante de EUROCEBRIAN, SL.

Durante o prazo concedido, a única empresa que non presenta o novo sobre C é EUROCEBRIAN, SL, polo que a Mesa acordou na sesión do 5 de outubro de 2016 excluíla do procedemento. Este acordo foi notificado á empresa o 7 de outubro de 2016.

Tras a recepción desta notificación, unha representante da empresa pónse en contacto telefónico co Servizo de Contratación manifestando que non recibiron a notificación na que se lles concedía un novo prazo para presentar o novo sobre C, informando o Servizo que debería facelo constar por escrito no Rexistro Xeral.

O Servizo de Contratación solicita con data 11 de outubro de 2016 do Servizo de Administración Electrónica informe sobre se o correo electrónico enviado a través da xestión de expedientes (trámite 149 do expediente 14972-333) a [hector@eurocebrian.com](mailto:hector@eurocebrian.com) (endereço electrónico facilitado e aceptado pola empresa como medio de notificación) foi enviado polo sistema e se existe constancia da súa entrega ao interesado, así como que se facilite un listado de chamadas entrantes ao número de teléfono 986 810148 e á extensión 1724 entre as 09:50 horas do 20.09.2016 e o día 23.09.2016.

En contestación a esta solicitude o Servizo de Administración Electrónica emite un informe asinado polo programador de sistemas e o xefe do Servizo de Administración Electrónica de data 11 de outubro de 2016 no que se fai constar:

- *“Registro de mensajes del servidor de correo con el envío exitoso.*
- *Trámite de envío de correo desde la aplicación interna de gestión de expedientes.*
- *No se detectan rebotes tras el envío de ese correo”.*

Así como un informe asinado polo técnico responsable de Seguridade, Redes e Comunicacions de data 13 de outubro de 2016 coas chamadas recibidas do exterior no 986810148 nas datas 20.09.2016 a 23.09.2016.

Con data do 13 de outubro de 2016 (número de documento 160136258) a empresa EUROCEBRIÁN, SL presenta un escrito no que comunican que non recibiron o correo no que se lles requiría a presentación dun novo sobre C *“debido a problemas técnicos con el servidor de la empresa”* e solicitan *“nos dejen entregar el sobre C”*. Achegan ao escrito certificado expedido polo técnico informático do dominio eurocebrian.com no que se indica *“El servidor sufrió caídas de desconexión a lo largo del día: 20 de septiembre de 2016. Se*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 4 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

*detectaron diversas incidencias en el sistema del servidor, dando lugar a caídas intermitentes en los servicios de web y correo. Una vez restaurados los problemas de conectividad el servicio de eurocebrian.com se ha restablecido de forma correcta”.*

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, que resulta suficientemente constatado que o contido da notificación na que se concedía un prazo para a presentación do novo sobre C era coñecido por EUROCEBRIÁN, SL, xa que un representante da empresa se puxo en contacto telefónico co Servizo de Contratación, e falou con dous funcionarios que confirman que a persoa se identificou como representante dunha empresa de Valencia que manifestaba a súa desconformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación. Así mesmo, o certificado que a empresa achega do técnico informático do dominio eurocebrian.com non resulta suficiente para demostrar a imposibilidade técnica para acceder ao contido do correo durante o prazo de dez días concedido para a presentación do novo sobre C, á vista dos informes de Administración Electrónica onde consta o envío exitoso do correo e a ausencia de rebotes tras o envío. En base ao anterior, non procede conceder a EUROCEBRIÁN, SL un novo prazo para a presentación do sobre C, tal e como solicita no seu escrito do 13 de outubro de 2016, debendo continuar co procedemento de contratación. Polo Servizo de Contratación darase contestación ao escrito presentado pola empresa o 13 de outubro de 2016, en base ao acordado pola Mesa.

### **5.- Estudo e, no seu caso, aceptación, dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440)**

A secretaria informa aos membros da Mesa que, á vista do acordo adoptado na sesión do 21 de setembro de 2016 de inicio do procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP con varias das empresas presentadas por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, con data do 26 de setembro se concedeu un prazo de tres días ás empresas que deseguido se relacionan para os efectos de que puidesen formular alegacións e a documentación oportuna para xustificar a valoración das súas ofertas e precisar as súas condicións:

1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A
2. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
3. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S L
4. ORESA, S L
5. COPCISA, S A
6. NAROM, S L

Durante o prazo concedido presentaron documentación:

1. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA
2. ORESA, SL
3. COPCISA, SA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 5 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A continuación, entréganse os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 6 de outubro de 2016, nos que fai constar que ningunha das empresas que presentaron documentación xustifican correctamente as súas ofertas.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440)**

A secretaria informa aos membros da Mesa que, á vista do acordo adoptado na sesión do 30 de setembro de 2016 de inicio do procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP con varias das empresas presentadas por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, con data do 30 de setembro se concedeu un prazo de tres días ás empresas que deseguido se relacionan para os efectos de que puidesen formular alegacións e a documentación oportuna para xustificar a valoración das súas ofertas e precisar as súas condicións:

1. CIVIS GLOBAL, SLU
2. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
3. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL
4. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL
5. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL
6. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA
7. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL
8. COPCISA, SA
9. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA
10. NAROM, SL
11. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU

Durante o prazo concedido presentaron documentación:

1. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL
2. COPCISA, S A
3. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU

A continuación, entréganse os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 6 de outubro de 2016, nos que fai constar que ningunha das empresas que presentaron documentación xustifican correctamente as súas ofertas.

**6.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 7 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" e proposta de clasificación.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 6 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 10 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” e proposta de clasificación.

### **c) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120763-301)**

Entrégase na propia sesión o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social do 13 de outubro de 2016, que rectifica o do 6 de outubro (remitido aos membros da Mesa xunto coa convocatoria), sobre valoración do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” e proposta de clasificación.

### **d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso (112-611)**

Entrégase na propia sesión o informe do xefe da Área de Investimentos do 13 de outubro de 2016, que rectifica o asinado polo director técnico do Servizo de Deportes de 10 de outubro (remitido aos membros da Mesa xunto coa convocatoria), sobre valoración do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” e proposta de clasificación.

## **7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440)**

Acéptase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 7 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” e proposta de clasificación.

### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440)**

Acéptase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 10 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” e proposta de clasificación.

### **c) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120763-301)**

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social o 6 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” e proposta de clasificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 7 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso (112-611)**

Acéptase o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos o 13 de outubro de 2016 sobre valoración do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” e proposta de clasificación.

**8.- Propostas de clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 7 de outubro de 2016, da empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL (por non declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional suficiente esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 8 das follas de especificacións do contrato do referido prego).

Segundo.- Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan do procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440), por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 6 de outubro de 2016:

1. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL
3. NAROM, SL
4. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA
5. ORESA, SL
6. COPCISA, SA

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440) na seguinte orde descendente:

Empresas	Puntuación
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	86,08
CONSTRUCCIONES FECHI SLU	84,92
UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.	84,63
CIVIS GLOBAL SLU	83,79
CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S A	83,06



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 8 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

ELSAMEX, S A	81,68
MONTAJES J M IGLESIAS, S L	79,04
ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	79,00
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S L	76,82
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S A	68,06
GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, S L	20,73

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 629,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 7 de outubro de 2016, da empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL (por non declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional suficiente esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 8 das follas de especificacións do contrato do referido prego).

Segundo.- Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440), por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 6 e 10 de outubro de 2016

1. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 9 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

3. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL
4. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA
5. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL
6. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA
7. NAROM, SL
8. CIVIS GLOBAL, SLU
9. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL
10. COPCISA, SA
11. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440) na seguinte orde descendente:

Empresas	Puntuación
MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL	84,62
CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA	82,51
NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU - UTE CONSTRUCCIONES RAMIREZ	82,24
CONSTRUCCIONES VALE, SL	80,16
ELSAMEX, SA	78,15
ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	77,59
GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	21,88

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 640,20 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120763-301)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de outubro de 2016, da empresa EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL, por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 10 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

exceder a súa oferta do orzamento base de licitación (cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do Servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120.763-301) na seguinte orde decrecente:

Licitador	Puntuación sobre B	Puntuación sobre C	TOTAL
CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA	18,25	79,62	97,87
CLECE, SA	13	80	93,00
ATENCION SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5	17,25	62,15	79,40
EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA	7,5	32,76	40,26

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.776,42 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso (112-611)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 11 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de outubro de 2016, das seguintes empresas:

1. SERVITRONIX C. TORRES MORENO, SL: porque o obxecto deste contrato non está comprendido dentro do obxecto social da empresa, que segundo a súa declaración consiste en “*reparación de aparatos de electromedicina, balanzas electrónicas y cajas registradoras*”.
2. OSATU, S. COOP.: por exceder o prezo formulado na súa oferta do orzamento base de licitación (cláusula 13.4c do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do Subministro de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso (112-611) na seguinte orde descendente:

<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
CARYOSA, SL	100,00
BIOMETRIC & SAFETI IBERICA, SL	77,74
ANEK S3, SL	66,62

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **CARYOSA, SL**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 861,40 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

## 9.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 12 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do Servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de agosto de 2016, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación de 19 de agosto de 2016 do licitador SIFU,SL, por presentar unha oferta que supera o tipo de licitación.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:*

EMPRESA	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PREZO	PUNTUACIÓN INCREMENTO FRECUENCIAS (ZONAS A E B)	PUNTUACIÓN TOTAL
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	60	28,71	88,71
ALTHENIA SL	55,22	27,27	82,49
INGESER ATLÁNTICA, SL/SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN SL (UTE)	48,36	27,91	76,27
ELSAMEX SA	37,97	26,62	64,59
VIVEIROS ADOA SL	54,70	5,54	60,24
CALFENSA PROYECTOS SL	50,30	14,95	65,25
ALVAC SA	29,28	5,39	34,67

**Terceiro.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 13 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.000 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, o día 29 de agosto de 2016, que presenta a documentación requirida o 6 de setembro, dentro do prazo legalmente previsto.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 13 de outubro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula do 18 de agosto de 2016, así como do informe asinado polo conservador de Espazos Naturais de Patrimonio Histórico do 20 de setembro de 2016 sobre a coherencia entre as proposicións económicas e o orzamento detallado e o informe da xefa de Patrimonio Histórico do 5 de outubro de 2016 en relación coa documentación presentada pola empresa Xestión Ambiental de Contratas, SL o 3 de outubro de 2016 en resposta ao acordo da Mesa de Contratación do 26 de setembro de 2016 (“solicitar a empresa clasificada en primeiro lugar neste procedemento, Xestión Ambiental de Contratas, S.L., que aclare a coherencia entre os gastos que supoñen as frecuencias ofertadas a maiores e o prezo do contrato ofertado. En particular, deberán aclarar se a partida de gastos de persoal que consta no orzamento desglosado do servizo axuntado ao sobre C é suficiente para facer fronte aos incrementos de frecuencias ofertados. Deberá indicar a si mesmo, o convenio colectivo aplicable ao seu persoal”).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 14 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, o procedemento aberto para a contratación do Servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307) coas seguintes condicións:*

- *O prezo total do contrato é de 192.140,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 33.346,61 euros.*
- *Propón un incremento das frecuencias anuais de mantemento do servizo nas zonas delimitadas como tipoloxía A, respecto do mínimo esixido na cláusula 12 do PPT, de 468 frecuencias.*
- *Propón un incremento das frecuencias anuais de mantemento do servizo nas zonas delimitadas como tipoloxía B, respecto do mínimo esixido na cláusula 12 do PPT, de 520 frecuencias.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos (8857-446)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos (8857-446)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de setembro de 2016, adoptou o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 15 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



*Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos (8857-446) na seguinte orde decrecente:*

LICITADORES	Oferta económica	Valor Baixa	Puntos
Parques y Jardines Fabregas, SAU	47250	27750	100
Globalia Urbanismo Integral, SLU	53925	21075	92
Benito Urban, SLU	60000	15000	84,72
Galitec Desarrollos Tecnológicos SL	62257,5	12742,5	82
Novatilu, SLU	65790	9210	66,61
Calfensa Proyectos, SL	67710	7290	52,73

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PARQUES Y JARDINES FABREGAS SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 900,06 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PARQUES Y JARDINES FABREGAS SAU, o día 26 de setembro de 2016, que presenta a documentación requirida nas datas 6 e 11 de outubro.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 13 de outubro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 16 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PARQUES Y JARDINES FABREGAS SAU, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula do 19 de setembro de 2016.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a PARQUES Y JARDINES FABREGAS SAU, o procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos (8857-446) por un prezo de 75.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.016,53 euros, e cunha baixa proporcional única do 37% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no prego de prescricións técnicas particulares. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 15:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

AFL

Vigo, 13 de outubro de 2016

O presidente da Mesa de Contratación

David Regades Fernández



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 08:47	Páxina 17 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA545-CC4EC1-C24452-PH9DES-34KHKW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		